



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

Descrición Decreto: Aprobación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización por concurso praza de limpiador/a a xornada parcial

DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, praza de limpiador/a a xornada parcial por concurso, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 236 de data 15 de decembro de 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

LIMPIADOR/A XORNADA PARCIAL CONCURSO	
APELIDOS E NOME	DNI
ADMITIDOS/AS	
PLATAS GUERRA MARIA PILAR	XXX1500XX
VIÑAS MAYO RUBÉN	XXX9158XX
EXCLUÍDOS/AS	
RAMOS ADRAN BEATRIZ	XXX6136XX Motivos: - Non presentación instancia ANEXO I. - Non presentación de Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que a acredite. - Non presentación de Titulación esixida nas bases específicas da convocatoria (certificado de escolaridade ou certificado de estudos primarios ou equivalente).

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de dez días hábiles para emenda de solicitude para tomar parte neste proceso selectivo contados a partir do día seguinte da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boimorto, de acordo co establecido na base quinta das bases xerais que rexen este proceso selectivo.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ